

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 23 de xaneiro de 2015
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e tres de xaneiro do ano dous mil quince, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Montero Fernández e don Eladio Mangana Nóvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 16 DE XANEIRO DE 2015.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día dezaseis de xaneiro de dous mil quince, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO CONCELLO DA VEIGA Ó ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA CON CARGO Ó PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN PARA EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS 2014.- Unha vez vista a solicitude do Concello da Veiga de data 17 de decembro de 2014, que tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación o 23 de decembro de 2014, para o mantemento da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial do 9 de decembro de 2014 por importe de 12.603,37 €, para execución do proxecto “construción de instalacións náutico-deportivas na Veiga, fase I” con cargo ó programa provincial de cooperación cos concellos para execución de infraestruturas deportivas 2014.

Visto igualmente o informe emitido polo xefe do Servizo de Investimentos de data 5 de xaneiro de 2015, no que fai constar que a redución do orzamento de execución da actuación por parte do dito concello non se axusta ó recollido no artigo 15.1b) da base 12ª.4 das que rexen o programa, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 23 de xaneiro de 2015
--

- Desestima-la solicitude formulada polo Concello da Veiga, xa que a redución do orzamento do proxecto considerado para a concesión da subvención debe levar aparellada unha redución proporcional do importe concedido, (6.407,36 €), todo isto sen prexuízo do que dispón a base 11ª do citado programa en canto á data límite para a xustificación da contratación do investimento.

3.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

4.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e vinte minutos, do referenciado día vinte e tres de xaneiro do ano dous mil quince, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,